Rúa Atalaia nº 7 - 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

DOCUMENTACIÓN:

As solicitudes para o outorgamento das axudas reguladas nesta ordenanza formalizaranse no modelo normalizado que se recolle no Anexo 1 desta convocatoria. Coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia cotexada do DNI/NIE do solicitante.
b) Fotocopia cotexada do libro de familia na que consten todos os seus membros.
c) Fotocopia cotexada da matrícula oficial de estudos ou certificado de matrícula expedido polo centro educativo correspondente ao curso escolar que corresponda.
d) Fotocopia cotexada da última declaración da renda ou certificado de imputación de rendas de Facenda integrantes da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase por unidade familiar o núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 21 anos que convivan con eles no mesmo domicilio. Esta idade ampliarase ata os 25 anos mentres que se realicen estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo. Incluiranse os estudos realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico.
e) Fotocopia cotexada doutros xustificantes de ingresos económicos, no seu caso.
f) Declaración responsable de non percibir axudas doutras entidades polo mesmo concepto.
g) Declaración responsable do solicitante de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
h) Certificado de titularidade dunha conta bancaria ou fotocopia cotexada da páxina da libreta de conta corrente na que figure o seu número.

Adicionalmente, coas solicitudes presentadas ao abeiro da Liña "material escolar" deberán achegarse os xustificantes da realización do gasto subvencionable. Para estes efectos, deberá presentarse a factura da compra dos libros de texto e material escolar, na que deberá constar a identificación do solicitante (pai/ nai/ titor/ gardador de feito) e o detalle dos libros adquiridos, expedida cos requisitos previstos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.